

## CALENDARIO ACADÉMICO DO CURSO 2019-2020

(Aprobado no C.G. do 29 de abril 2019)

(Modificado no C.G. do 29 de abril do 2020)\*

1.- O curso académico comprenderá do **1 de setembro de 2019** ao **31 de agosto de 2020**.

2.- O calendario de actividades académicas é o marco temporal no que se desenvolve a planificación do conxunto das diversas actividades formativas, incluíndo as correspondentes probas de avaliación, nas titulacións que se imparten na Universidade.

3.- Seguindo o disposto polo RD 1125/2003, cada crédito ECTS supoñe 25 horas de traballo para un estudante dedicado a cursar a tempo completo estudos universitarios, durante un mínimo de 36 e un máximo de 40 semanas por curso académico.

4.- Consonte ao exposto, as semanas de actividade académica docente no curso 2019/20 na Universidade de Vigo quedarán distribuídas en dous períodos equivalentes, do xeito indicado no cadro seguinte, e das que unha quinta parte reservárase para celebración das probas de avaliación final correspondentes a ambos períodos, e o resto dedicárase á actividade lectiva:

| PERÍODO  | INICIO                      | REMATE                        |
|----------|-----------------------------|-------------------------------|
| PRIMEIRO | LUNS, 9 DE SETEMBRO DO 2019 | VENRES, 24 DE XANEIRO DO 2020 |
| SEGUNDO  | LUNS, 27 DE XANEIRO DO 2020 | VENRES, 19 DE XUÑO DO 2020    |

5.- Nas titulacións de Máster, previo acordo da respectiva comisión académica, o inicio das actividades poderá adiarse como máximo ata o luns 23 de setembro, debendo ser comunicada tal eventualidade á Secretaría Xeral, **sen que a data límite de entrega de actas poda verse modificada por este motivo**.

6.- No mes de agosto non haberá actividade académica, que así mesmo quedará en suspenso nas seguintes datas, excluídas do cómputo sinalado no punto terceiro:

- ▶ Dende o sábado, día 21 de decembro de 2019, ata o martes día 7 de xaneiro de 2020 (ambos os dous incluídos).
- ▶ Dende o luns día 6 ao sábado día 11 de abril de 2020 (ambos os dous incluídos).

7.- Sen prexuízo do desenvolvemento ao longo do mesmo de outras actividades académicas, sempre que non sexan lectivas, o período comprendido entre o luns, día 2 e o venres, día 6 de setembro de 2019 (ambos os dous inclusive) non computará aos efectos do disposto no punto terceiro. O mesmo acontecerá co período comprendido entre o luns, día 8 de xuño e o venres, día 31 de xullo de 2020 (ambos os dous inclusive), agás no caso dos máster que comecen máis aló do 9 de setembro, en función do retraso acumulado, en cuxo caso non computará aos efectos do disposto no punto terceiro o período anterior ao comezo das clases.

8.- Terá carácter festivo o luns día 27 de xaneiro de 2020, data de celebración do día de Santo Tomé de Aquino, patrón da Universidade, posuíndo o mesmo carácter os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e, en cada Campus, os días das festas locais, así como a data que corresponda a cada centro para a celebración da súa festa propia, pasando a luns ou venres as que non coincidan neses dous días da semana, previa decisión da Xunta do Centro concernido. A docencia interromperase o luns, día 24 e o martes, día 25 de febreiro de 2020 (Entroido)

| Relación de festas propias dos centros da Universidade de Vigo        |                      |
|---|----------------------|
| ESCOLA DE ENXEÑARÍA AERONÁUTICA E DO ESPAZO                           | 23/09/2019, luns     |
| ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE TELECOMUNICACIÓN                               | 29/09/2019, domingo  |
| ESCOLA DE ENXEÑARÍA FORESTAL  | 04/10/2019, venres   |
| FACULTADES DE BIOLOXÍA, CIENCIAS DO MAR, QUÍMICA E CIENCIAS           | 15/11/2019, venres   |
| E.U. DE MAXISTERIO "MARÍA SEDES SAPIENTIAE"                           | 27/11/2019, mércores |
| ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE MINAS E ENERXÍA                                | 04/12/2019, mércores |
| FACULTADES DE DEREITO E DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO (DEREITO) | 07/01/2020, martes   |

|   |                      |
|---|----------------------|
| ESCOLA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA INFORMÁTICA  | 25/02/2020, martes   |
| ESCOLA DE ENXEÑARÍA INDUSTRIAL  | 19/03/2020, xoves    |
| FACULTADES DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS, CIENCIAS EMPRESARIAIS E TURISMO E ESCOLA UNIVERSITARIA DE ESTUDOS EMPRESARIAIS. | 05/04/2020, domingo  |
| FACULTADES DE HISTORIA, FILOLOXÍA E TRADUCIÓN, CIENCIAS DA EDUCACIÓN E CIENCIAS DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE                         | 26/04/2020, domingo  |
| FACULTADE DE CIENCIAS SOCIAIS E DA COMUNICACIÓN   | 29/04/2020, mércores |
| FAC. CC. XURÍDICAS E DO TRABALLO (RELACIÓNS LABORAIS)   | 01/05/2020, venres   |
| FACULTADE DE BELAS ARTES  | 04/05/2020, luns     |
| ESCOLAS DE ENFERMERÍA   | 12/05/2020, martes   |

9.- Os períodos de rexistro na aplicación informática das cualificacións nas actas e da súa entrega serán os seguintes:

| Período/Convocatoria | Inicio                                  | Remate                        |
|----------------------|---|-------------------------------|
| PRIMEIRO             | GRAO: MARTES, 10 DE DECEMBRO DO 2019    | VENRES, 7 DE FEBREIRO DO 2020 |
|                      | MESTRADO: XOVES, 19 DE DECEMBRO DO 2019 |                               |
| SEGUNDO              | MÉRcores, 8 DE ABRIL DO 2020            | VENRES, 3 DE XULLO DE 2020    |
| 2ª OPORTUNIDADE      | MARTES, 7 DE XULLO DE 2020              | VENRES, 31 DE XULLO DE 2020   |
| FIN DE CARREIRA      | LUNS, 9 DE SETEMBRO DE 2019             | XOVES, 14 DE NOVEMBRO DE 2019 |

10.- No caso dos TRABALLOS DE FIN DE GRAO, MÁSTER E PRÁCTICAS EXTERNAS as datas límite para a entrega de actas serán:

|                      |                                  |
|----------------------|----------------------------------|
| PRIMEIRO PERÍODO     | VENRES, 28 DE FEBREIRO DE 2020   |
| SEGUNDO PERÍODO      | VENRES, 10 DE XULLO DE 2020      |
| SEGUNDA OPORTUNIDADE | LUNS, 21 DE SETEMBRO DE 2020     |
| FIN DE CARREIRA      | MÉRcores, 27 DE NOVEMBRO DE 2019 |

11.- Nas guías docentes deberá figurar a metodoloxía e procedemento detallado para a avaliación das materias, e nelas deberá recollerse a data, e, se procede, hora e lugar de realización das probas de avaliación. Tamén deberán especificar o medio empregado para a súa publicación oficial, así como as modificacións que, de xeito xustificadas, se puideran producir. Na fixación das datas das probas de avaliación da convocatoria extraordinaria de xullo procurarase poñer en primeiro lugar as materias do primeiro cuadrimestre.

12.- As probas de avaliación da convocatoria de “fin de carreira” poderán celebrarse dende o día 2 de setembro de 2019, debéndose acordar as datas concretas polos respectivos centros, respectando, en todo caso, o período de rexistro na aplicación informática das cualificacións nas actas e da súa entrega establecidas no apartado 9, sen posibilidade de suspender as actividades lectivas por esta razón.

\*As datas que figuran en bermello foron obxecto de modificación na xuntanza do Consello de Goberno do día 29 de abril de 2020, pero non impiden que os centros poidan manter as datas de entrega de actas fixadas antes de dita modificación, ou establecer outras, sempre que estean dentro das datas máximas de entrega fixadas no presente documento.

\*As datas de entrega de actas indican o prazo máximo, pero isto non impiden que os centros poidan adiantalas (nunca adialas).